



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino
32001 OURENSE



Comunicado nº 160/20
28 de outubro de 2020

☐ INFORME DA DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA:

Achégase resposta da **Delegación do Goberno de Galicia**, de consulta de parte, sobre os desprazamentos dos deportistas e oficiais durante o horario establecido no “Toque de Queda”.

En relación a consulta informamos que no momento actual e de aplicación en todo o territorio nacional o Real Decreto 926/2020, de 25 de Outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo Sars-Cov-2, e que determina expresamente no seu Artigo 5 (limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno), que:

1.- Durante o período comprendido entre as 23:00 horas e as 6:00 horas, as persoas unicamente poderán circular polas vías ou espazos de uso público para a realización das seguintes actividades:

- a.- Adquisición de medicamentos, produtos sanitarios e outros bens de primeira necesidade.
- b.- Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- c.- Asistencia a centros de atención veterinaria por motivos de urxencia.
- d.- Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.
- e.- Retorno ó lugar de residencia habitual tras realizar algunhas das actividades previstas neste apartado.**
- f.- Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- g.- Por causa de forza maior ou situación de necesidade.**
- h.- Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.
- i.- Repostaxe en gasoleiras ou estacións de servizo, cando resulte necesario para a realización das actividades previstas nos parágrafos anteriores.
- j.- Probas deportivas.**

Importante:

Polo tanto, si un deportista ou oficial estima encontrarse en algún destes supostos excepciónados, deberá portar o certificado ou a documentación que estime convinte para acreditar tal situación, no caso de atoparse nas vías públicas ou espazos de uso público no horario indicado.

Noutro eido, o Artigo 2 da citada norma determina que “en cada Comunidade Autónoma e cidade con Estatuto de Autonomía, a autoridade competente delegada será que ostente a Presidencia da Comunidade Autónoma ou cidade con Estatuto de Autonomía nos termos establecidos neste Real Decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para dictar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 a 11.

Igualmente, no seu artigo 12 dispón que “**cada administración conservará as competencias que outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptalas medidas que estime necesarias, sen prexuízo do establecido neste Real Decreto**”.